

REFUXIADOS SIRIOS

Solicitudes de asilo:

	Solic. Asilo	Total Resoluciones	Resol. Favorables	%
2007	7664		225	
2008		5130	275	5.4
2009	3007	4490	350	7.8
2010		2785	610	21.9
2011		3400	990	29.1
2012	2588	2605	525	20.2
2013	4502	2380	535	22.5
2014	5947	3620	1585	43.8
Total		24410	4870	19.95
2015	6655 (xuño)			

Todo este interese que agora manifestamos polos refuxiados Sirios é inversamente proporcional ao desinterese que tanto desde España coma dende o resto de Europa se lles prestou aos inmigrantes subsaharianos hai poucos anos cando atravesaban o estreito de Xibraltar ou chegaban a Canarias. Daquela non houbo “países solidarios” nin “sociedades acolledoras”, por entón tiñamos policía e muros de arame. Agora que quen ten que recoller eses inmigrantes son os países do norte de Europa, pois somos solidarios. Nós como rabaño obediente que somos, non seremos menos.

AER non está en contra do acollemento de refuxiados Sirios nin de calquera outra nacionalidade, todo o contrario. Estamos a favor da dignidade das persoas. Estamos a favor dunha sociedade digna que trate ás persoas como iguais, a todos. Que non faga distinción de cor, raza ou condición sexual.

Creemos que as mocións sobre os refuxiados sirios que presentan os partidos políticos de Redondela non deixan de ser un lavado de cara político/partidista. Puidemos ter chegado a un acordo entre todos e saír ao pleno a mostrar o noso apoio aos refuxiados, pero había que mostrar o solidarios que somos e de paso facer un pouco de política partidista. E quen mellor para facer política insolidaria que os dous grandes partidos, o PPSOE:

- Partidos que votaron conxuntamente esta última lei de asilo que non dá asilo.
- Partidos que blindaron Ceuta e Melilla contra a inmigración.
- Partidos que miran para outro lado ante as “devolucións en quente” en Ceuta e Melilla.

Se ben Redondela non está preparada para darlle fogar a estas persoas por non dispor de vivendas sociais, si que foi quen de mudar boa parte das súas beirarrúas, remodelar un pavillón, facer un novo, construír un museo, remodelar os seus parques infantís, etc. Todo isto nos últimos oito anos!!! Polo contrario, ningún dos gobernantes locais foi quen de conseguir a desafección do antigo edificio ocupado por mestres xunto ao instituto Illa de San Simón, edificio actualmente en ruínas, ou rehabilitar as antigas casas dos mestres xunto ao Conservatorio, casas ocupadas por distintas asociacións ou por dependencias municipais. Casas ou edificio que se puideron ter usado para persoas necesitadas do noso concello ou para estes refuxiados.

AER apoia estas mocións, pero queremos chamar a atención sobre esta sociedade CÍNICA, HIPÓCRITA E CON MEMORIA SELECTIVA na que vivimos. Por desgraza, esta solidariedade só nos durará ata que as televisións retransmitan o vindeiro tsunami, o vindeiro terremoto ou peor aínda, a vindeira guerra financiada por algún dos nosos SOLIDARIOS E DEMOCRÁTICOS ESTADOS.

- A última lei 12/ 2009 “reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria”, foi aprobada polo goberno do PSOE co apoio do PP e de CIU (partidos de esquerdas).
- Non aceptou emendas de ICV, IU nin ERC.
- Agora mesmo estanse a dar aos solicitantes de asilo citas para xaneiro, catro meses.
- As oficinas da OAR están faltas de recursos para atención dos demandantes.
- Non temos prazas nos centros de acollida.
- Expedientes que deberán de resolverse en seis meses son retrasados interesadamente por parte do Estado ata 3 anos. (Colexio de Avogados de Barcelona dixit).
- Expedientes resoltos segundo a procedencia dos solicitantes de asilo. Ser subsahariano non pinta nada ben.